

### Artigo 3. *Financiamento dos créditos extraordinarios.*

Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 1 financiaranse con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**13268** *LEI 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual. («BOE» 164, do 10-7-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación cinematográfica e audiovisual é parte destacada da cultura e ten unha importancia decisiva no mantemento da diversidade cultural.

O cine presenta na sociedade actual unha dimensión cultural de primeira magnitude; non só como patrimonio, tamén como proxección de noso país no exterior; como expresión da súa personalidade, das súas historias, formando parte da identidade viva dun país. Esta nova forma creativa, que representou o cine no século XX, e que aínda o fará con máis intensidade no século XXI, debe ser recoñecida como sustento imprescindible da nosa expresión cultural, e é así mesmo unha das manifestacións artísticas e sociais con máis capacidade de atracción.

Como forma recoñecida de expresión informativa, documental e creativa, é obriga dos poderes públicos velar pola conservación das obras cinematográficas e audiovisuais e crear canles e incentivos para que o seu desenvolvemento sexa posible, tendo ademais en conta a excepcional singularidade actual dos recursos económicos e o entramado complexo de distribución que precisan estas obras.

As actividades de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual que desenvolve esta lei e a regulamentación que dela derive basearase nos principios de liberdade de expresión, pluralismo, protección dos autores e as súas obras, promoción da diversidade cultural e lingüística, protección dos menores e da dignidade humana e protección dos consumidores.

O desenvolvemento da tecnoloxía ofrece novas oportunidades á cinematografía e ás demais obras audio-

visuais para a produción e o aumento da creatividade. O desenvolvemento das novas tecnoloxías e a revolución dixital dan un sentido máis amplo á cinematografía, á vez que transforman o ciclo da creación, produción, distribución e exhibición, así como as industrias técnicas. É ademais un dos sectores con maior potencial de crecemento, incluíndo a creación de postos de traballo.

É obxectivo desta lei dar unha normativa integral, nos seus aspectos de fomento e promoción, á cinematografía e ó sector audiovisual, regulando co adecuado rango tanto as medidas administrativas coma as obrigas dos suxeitos que operan nos ditos sectores, todo iso sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de cultura e as que, se é o caso, lles corresponden en orde á industria e comercio interior.

A competencia para dicta-los artigos 4, 5 e 6 desta lei ampárase no disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, optándose polo modelo de xestión que se contén nos citados artigos para asegurala plena efectividade das medidas de fomento, baseadas principalmente en criterios obxectivos, co fin de garantir un cine máis competitivo, e para garanti-las mesmas posibilidades de obtención e disfrute por parte dos seus destinatarios potenciais en todo o territorio nacional. O resto da lei dítase ó amparo do artigo 149.2 da Constitución.

A normativa precedente con rango de lei contemplaba unicamente aspectos parciais da actividade cinematográfica; son de salienta-las seguintes: Lei do 17 de xullo de 1958, de creación do crédito cinematográfico; Lei 46/1967, do 22 de xullo, sobre normas sancionadoras en determinadas materias propias da competencia do Ministerio de Información e Turismo; Lei 3/1980, do 10 de xaneiro, de regulación de cotas de pantalla e distribución cinematográfica; Lei 1/1982, do 24 de febreiro, pola que se regulan as salas especiais de exhibición cinematográfica, a Filmoteca Española e as tarifas das taxas por licencias de dobraxe; Real decreto lei 19/1993, do 10 de decembro, de medidas urxentes para a cinematografía.

A Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, tiña os concretos obxectivos de equiparala obra cinematográfica dos países membros da Unión Europea á obra cinematográfica española e adapta-la cota de distribución ás esixencias do mercado, e carecía de regulación sobre axudas, así como sobre protección do patrimonio, control de rendementos das obras cinematográficas, cualificación e rexistro de empresas cinematográficas e audiovisuais, que constituían obrigas que estaban reguladas desde antigo sen o adecuado rango. A citada lei tipificaba as infraccións leves por remisión a normas regulamentarias, que por outra parte foron substituídas, o que non daba cumprimento ós principios de legalidade e tipicidade, que son rigorosamente respectados nesta lei.

Determinadas definicións e regulacións sobre obras europeas e coproducción entre televisións e produtores independentes, que eran obxecto da antecedente Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, contéñense nas leis de transposición da correspondente norma comunitaria.

A liberdade de distribución cinematográfica é compatible co mantemento de medidas de protección ó sector do cine e á industria audiovisual, «industria cultural por excelencia», segundo se describe na Resolución do Consello da Unión Europea do 12 de febreiro de 2001, sobre as axudas ó sector do cine e ó sector audiovisual, que establece, así mesmo, que «as axudas nacionais ó sector do cine e ó sector audiovisual constituían un dos medios principais para garanti-la diversidade cultural». Por todo iso, esta lei posibilita axudas específicas

á produción, á promoción e á distribución das obras audiovisuais nunha lingua oficial española propia dunha Comunidade Autónoma.

Igualmente, a dimensión internacional do audiovisual require un aumento das medidas de promoción; e o valor artístico e cultural do cine esixe a súa protección como patrimonio.

#### Artigo 1. *Obxecto desta lei e competencias.*

1. Esta lei ten por obxecto a promoción e fomento da produción, por empresas españolas e nacionais de estados membros da Unión Europea e do Espacio Económico Europeo, establecidas en España de conformidade co ordenamento xurídico, de obras cinematográficas e audiovisuais, o establecemento de condicións que favorezan a súa creación e difusión, así como de medidas para a conservación do patrimonio cinematográfico e audiovisual.

Especialmente fomentarase a creación, produción e difusión da identidade cultural dos distintos pobos españois, así como a igualdade de acceso de tódolos cidadáns ó coñecemento das diferentes formas de expresión, tanto por parte dos creadores como por parte do público a que vai destinado, co fin de lograr un enriquecemento global do patrimonio cultural do sector audiovisual.

2. No ámbito da Administración xeral del Estado e sen prexuízo das competencias doutros departamentos ministeriais, corresponde ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por medio do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), o exercicio das competencias que nesta lei se determinan.

#### Artigo 2. *Nacionalidade das obras cinematográficas e audiovisuais.*

1. Sen prexuízo do disposto na normativa da Unión Europea e dos convenios e acordos internacionais aplicables, terán a nacionalidade española as obras realizadas por unha empresa de produción española, ou aquelas realizadas por unha empresa dun Estado membro da Unión Europea, ou do Espacio Económico Europeo, establecida en España, se ás súas obras lles é expedido por órgano competente certificado de nacionalidade española, co previo recoñecemento de que cumpren os seguintes requisitos:

a) Que os autores da película sexan españois ou nacionais de estados membros da Unión Europea, ó menos, nun 75 por 100.

b) Que as persoas integrantes dos equipos técnicos e artísticos que participen na súa elaboración tales como os actores, os directores de produción, de fotografía, de son, de montaxe, de decorados e de vestiarios sexan, ó menos, nun 75 por 100 españois ou nacionais de estados membros da Unión Europea.

c) Que a película se realice preferentemente na súa versión orixinal en castelán ou calquera das demais linguas oficiais españolas.

d) Que a rodaxe, salvo esixencias do guión, a posproducción en estudio e os traballos de laboratorio, se realicen en territorio de estados membros da Unión Europea.

2. Así mesmo, terán a consideración de películas españolas as realizadas en réxime de coprodución con empresas estranxeiras, de acordo coas condicións esixidas para tal efecto pola regulación específica sobre a materia ou polos correspondentes convenios internacionais, e os que afectan á Comunidade Iberoamericana de Nacións.

3. Entenderase por obra comunitaria a que posúa certificado de nacionalidade expedido por un dos estados membros da Unión Europea.

#### Artigo 3. *Protección do patrimonio.*

1. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais velará pola salvagarda e difusión do patrimonio cinematográfico español mediante a conservación de copias de películas, fotografías, músicas e sons, guiños, libros, material utilizado en rodaxes e pezas museísticas da historia do cine, os carteis e carátulas editados como elementos de difusión ou comercialización, así como a súa restauración e difusión.

2. Nos prazos e termos regulamentariamente establecidos, os beneficiarios das subvencións e axudas públicas reguladas nesta lei estarán obrigados a entregar unha copia da obra cinematográfica ou audiovisual creada á Filmoteca Española e, se é o caso, ás filmotecas das comunidades autónomas. Dentro dos límites orzamentarios e nos termos regulamentariamente establecidos, poderán concederse axudas destinadas á conservación en España de negativos e soportes orixinais de obras cinematográficas ou audiovisuais.

3. Fomentarase a produción audiovisual con material de arquivos, co obxecto de difundir os valores do patrimonio cinematográfico.

#### Artigo 4. *Fomento das producións cinematográficas e audiovisuais.*

O Goberno establecerá, dentro dos límites orzamentarios aprobados en cada exercicio, medidas de fomento para a produción de películas, para a realización de coproducións que reúnan as condicións que se estipulen regulamentariamente, mediante o acceso ó crédito, axudas e subvencións, medidas de apoio fiscal e mecenado, promoción e difusión no exterior e interior e convenios de cooperación, así como o fomento da produción independente con incentivos específicos e medidas que faciliten a súa competitividade; igualmente poderá establecer axudas á formación dos profesionais que prestan os seus servizos na produción de obras e gravacións, así como premios en recoñecemento dunha traxectoria profesional.

O Goberno favorecerá, así mesmo, o ensino da cinematografía e do audiovisual no sistema educativo, articulando proxectos específicos, a utilización de novas tecnoloxías e a investigación e o desenvolvemento (I+D) nestes sectores, a innovación na produción e difusión cinematográfica, e o establecemento de mecanismos financeiros e de crédito á exhibición e ás industrias técnicas que dean lugar ó tecido industrial preciso para a creación e posta en práctica de cantas medidas contribúan a eliminar as barreiras de comunicación que dificulten o acceso a estas obras por parte de persoas con discapacidade sensorial.

#### Artigo 5. *Axudas á produción.*

1. O fomento da produción cinematográfica realízase pola concesión anual de axudas a empresas produtoras para a amortización do custo de produción das películas, tendo en conta criterios obxectivos de carácter automático, como a aceptación dos espectadores no período de proxección en salas de exhibición cinematográfica, e a recadación obtida por elas durante o tempo que regulamentariamente se determine. Estas axudas contemplarán incentivos complementarios acordes á difusión entre os espectadores, á utilización de técnicas que posibiliten o achegamento das persoas con discapacidades, e ó coñecemento da obra cinematográfica ou audiovisual, así como en razón de calidades como incorporación de novos profesionais, baixo orzamento ou utilización dalgunha lingua oficial española propia dunha comunidade autónoma. Igualmente concederán

se axudas sobre proxecto ás películas, calquera que sexa o seu soporte, de novos realizadores, experimentais, documentais, pilotos de serie de animación ou de decidido carácter cultural, ás que poderán acceder as empresas produtoras. Para o establecemento das axudas á produción teranse en conta os seguintes requisitos:

a) Os produtores deben ser titulares dos dereitos de propiedade das obras audiovisuais producidas, incluídos os de explotacións futuras, sen prexuízo do disposto na lexislación de propiedade intelectual en materia de transmisión de dereitos.

b) A contía das axudas será en todo caso inferior ó 50 por 100 do custo das películas producidas, con posibles excepcións no caso das experimentais, os documentais, os pilotos de serie de animación e as de baixo orzamento, e regulamentariamente estableceranse límites totais e porcentuais para a percepción das mesmas, en todo caso dentro dos límites das dotacións orzamentarias.

Para efectos de determinar o límite das axudas, entenderase por investimento do produtor a cantidade achegada por este con recursos propios, con recursos alleos de carácter reintegrable, ou en concepto de cesión dos dereitos de explotación da película.

c) As axudas ás películas producidas por empresas de produción españolas ou dun Estado membro da Unión Europea, ou do Espacio Económico Europeo, establecidas en España, deberán respectar o criterio de que parte dos gastos poderán realizarse noutros países, tendo en conta, se é o caso, os convenios de coprodución e as directivas europeas de aplicación, así como o criterio sobre participación de profesionais europeos previsto nos convenios ou directivas, ou establecido regulamentariamente.

2. Así mesmo, estableceranse axudas ó desenvolvemento de proxectos e elaboración de guións e curtametraxes, sobre proxecto ou realizadas, así como a obras audiovisuais innovadoras.

3. A convocatoria das axudas previstas no presente artigo e a súa concesión publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

4. As películas publicitarias ou que resulten cualificadas «X» non terán acceso a axudas públicas.

#### Artigo 6. *Promoción e distribución de obras cinematográficas e audiovisuais.*

Reglamentariamente e dentro dos límites orzamentarios poderán establecerse axudas ás empresas produtoras para a promoción da cinematografía española e as obras audiovisuais en España e noutros países, así como medidas de apoio á distribución e difusión do cine europeo en territorio español ou noutros países.

Así mesmo, poderán acordarse axudas complementarias específicas á promoción e distribución de películas nalguna lingua oficial española propia dunha comunidade autónoma.

A concesión das axudas terá en conta o interese cultural das películas e obras audiovisuais, con especial atención ós documentais, curtametraxes e obras de animación, así como a súa calidade e valores artísticos, a incorporación de novas tecnoloxías da comunicación, e as facilidades de acceso ás películas para as persoas con discapacidade.

A convocatoria das axudas previstas no presente artigo e a súa concesión publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

#### Artigo 7. *Cota de pantalla.*

1. As salas de exhibición cinematográfica estarán obrigadas a programar dentro de cada ano natural obras

cinematográficas de estados membros da Unión Europea en versión orixinal ou dobradas, en forma tal que ó concluir cada ano natural se observase a proporción de un día como mínimo de obra cinematográfica comunitaria por cada tres días de exhibición de películas de terceiros países en versión dobrada a calquera lingua oficial española.

2. En substitución da proporción anterior aplicarase a de un día de obra cinematográfica comunitaria por cada catro días de exhibición de películas de terceiros países, cando estas se exhiban en tódalas sesións ordinarias dun mesmo día dobradas a algunha lingua oficial española propia dunha comunidade autónoma. Igual proporción se aplicará ós días de proxección das películas comunitarias que se proxecten en salas ou complexos cinematográficos que no transcurso do ano de cómputo obteñan unha recadación bruta inferior a 90.000 euros (14.974.740 pesetas).

3. Nos complexos cinematográficos formados por dúas ou máis salas de exhibición, inscritos no rexistro a que se refire o artigo 11 desta lei, o cumprimento das proporcións anteriormente sinaladas poderá ser executado polo complexo no seu conxunto na forma que regulamentariamente se determine.

#### Artigo 8. *Distribución de películas cinematográficas.*

1. As empresas distribuidoras legalmente constituídas e que acrediten ser titulares dos pertinentes dereitos de explotación poderán distribuír libremente en España obras cinematográficas procedentes doutro Estado en calquera versión e lingua oficial española, todo isto sen prexuízo das competencias atribuídas ó Ministerio de Economía no relativo á importación de películas.

2. Corresponde ó Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ou se é o caso ós órganos correspondentes das comunidades autónomas, velar pola libre competencia na produción, distribución e exhibición cinematográfica. Para estes efectos porá en coñecemento do Servicio de Defensa da Competencia ou, cando corresponda, dos órganos autonómicos de defensa da competencia, os actos, acordos, prácticas ou conductas dos que puidese ter noticia no exercicio das súas atribucións e que presenten indicios de resultar contrarios á lexislación vixente de defensa da competencia. Para tal efecto, comunicará ó Servicio de Defensa da Competencia tódolos elementos de feito ó seu alcance e, se é o caso, remitirá un dictame non vinculante da cualificación que lle merecen os ditos feitos.

#### Artigo 9. *Control de rendementos das obras cinematográficas.*

1. As salas de exhibición cinematográfica cumprirán os procedementos establecidos ou que se poidan establecer regulamentariamente de control de asistencia e declaración de rendementos que permitan coñecer coa maior exactitude, rapidez e fiabilidade os ingresos que obteñen as películas a través da súa explotación nas salas de exhibición cinematográfica, co detalle suficiente para servir de soporte á actuación administrativa e ó exercicio de dereitos lexítimos dos particulares. O procedemento de control basearase na utilización de billetes regulamentados que serán de entrega obrigatoria a tódolos espectadores e se expedirán coas formalidades prescritas.

2. Para os efectos do previsto no número 1, poderá o órgano competente auxiliarse da información subministrada por entidades creadas para a obtención de datos que teñan implantación en toda España e solvencia profesional recoñecida.

### Artigo 10. *Cualificación de películas e demais obras audiovisuais.*

1. Antes de proceder á comercialización, difusión ou publicidade dunha película cinematográfica ou obra audiovisual en calquera soporte en territorio español, esta deberá ser obxecto de cualificación por grupos de idades, por procedemento regulamentariamente establecido ou autorizado.

Para efectos do disposto no artigo 17, número 3, segundo, da Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, pola que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros, relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, o órgano de cualificación porá, con antelación suficiente, en coñecemento dos operadores de televisión suxeitos á citada lei a cualificación outorgada ás películas cinematográficas para a súa difusión en salas de cine ou noutros soportes audiovisuais.

2. As cualificacións das películas e demais obras audiovisuais deben facerse chegar a coñecemento do público polos medios adecuados en cada caso. Con este fin, o órgano competente regulará as obrigas dos que realicen actos de comunicación, distribución ou comercialización.

3. As películas de carácter pornográfico ou que realicen apoloxía da violencia serán cualificadas como películas «X», non poderán recibir ningún tipo de axuda, protección ou subvención das Administracións públicas, e exhibiranse exclusivamente en salas especiais que se denominarán salas «X».

4. Respecto das películas e demais obras audiovisuais «X» non destinadas á proxección cinematográfica, a súa venda ou aluguer estarán limitados ós maiores de dezaioito anos, o que deberá facerse constar no exterior do estoxo ou carátula, e a súa publicidade estará afectada polas mesmas restricións legais có resto das obras «X».

### Artigo 11. *Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais.*

O rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais dependente do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais deberá coordinarse para efectos de unidades de inscrición cos que, en uso das súas competencias, poidan establece-las comunidades autónomas. Estarán obrigadas a inscribirse no correspondente rexistro as empresas con personalidade física ou xurídica que realicen as actividades de produción, distribución, laboratorios, estudos de rodaxe e dobraxe, material audiovisual e as demais conexas que se determinen, así como as persoas ou entidades titulares de salas de exhibición.

### Artigo 12. *Infraccións.*

As infraccións ó preceptuado nas normas desta lei clasifícanse en infraccións moi graves, infraccións graves e infraccións leves.

1. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento da cota de pantalla en porcentaxe superior ó 60 por 100, referido ó número de días de exhibición de películas comunitarias que corresponda proxeccionar en cada sala, en aplicación do disposto no artigo 7 desta lei.

b) O incumprimento das disposicións do número 3 do artigo 10 desta lei relativas a películas e salas «X» e do preceptuado nos artigos 1, 2 e 6 da Lei 1/1982, do 24 de febreiro, pola que se regulan as salas especiais

de exhibición cinematográfica, a Filmoteca Española e as tarifas das taxas por licenza de dobraxe.

2. Son infraccións graves:

a) O incumprimento da cota de pantalla en porcentaxe inferior ó 60 por 100 e superior ó 30 por 100, referido ó número de días de exhibición de películas comunitarias que corresponda proxeccionar en cada sala, en aplicación do disposto no artigo 7 desta lei.

b) O incumprimento das obrigas que se deriven para os beneficiarios das medidas de fomento en desenvolvemento do disposto nos artigos 3, 4, 5 e 6 desta lei.

c) Comercializar ou difundir películas cinematográficas ou obras audiovisuais sen que fosen obxecto de cualificación por grupos de idades polo procedemento previsto no parágrafo primeiro do número 1 do artigo 10 desta lei.

d) Os incumprimentos, por acción ou omisión, das obrigas a que se refire o artigo 9.1 desta lei, con excepción do mero atraso inferior a un mes sobre os prazos regulamentariamente establecidos para a remisión das declaracións de rendementos das películas nas salas de exhibición cinematográfica.

3. Son infraccións leves:

a) O incumprimento da cota de pantalla en porcentaxe igual ou inferior ó 30 por 100, referida ó número de días de exhibición de películas comunitarias que corresponda proxeccionar en cada sala, en aplicación do disposto no artigo 7 desta lei.

b) Os incumprimentos, por acción u omisión, do prescrito nos números 2 e 4 do artigo 10 desta lei.

c) O incumprimento das obrigas de inscrición e notificación relativas ó Rexistro administrativo de empresas cinematográficas e audiovisuais a que se refire o artigo 11 desta lei.

d) O atraso inferior a un mes no cumprimento dos prazos que se establezan regulamentariamente para a remisión das declaracións de rendementos das películas nas salas de exhibición cinematográfica, ós fins descritos no artigo 9.1 desta lei.

### Artigo 13. *Sancións.*

1. As infraccións poderán ser sancionadas:

a) As leves, con apercibimento ou multa de ata 3.000 euros (499.158 pesetas).

b) As graves, con multa de 3.000,01 euros (499.159,66 pesetas) ata 30.000 euros (4.991.580 pesetas). No caso da infracción prevista no artigo 12.2.b) desta lei será de aplicación o disposto nos artigos 81.9 e 82 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

c) As moi graves, con multa de 30.000,01 euros (4.991.581,6 pesetas) ata 60.000 euros (9.983.160 pesetas).

Cualificadas as infraccións, as sancións graduaranse en atención á negligencia ou intencionalidade do infractor, á reincidencia en infraccións previamente sancionadas, á porcentaxe de infracción no caso das infraccións previstas nos números 1.a), 2.a) e 3.a) do precedente artigo 12 e, se é o caso, á recadación do local e número de habitantes da poboación.

2. O réxime de infraccións e sancións axustarase ó establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. A iniciación do procedemento corresponderá ó director xeral do ICAA e a instrucción á Secretaría Xeral

do mesmo organismo, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

3. No ámbito das competencias da Administración xeral do Estado corresponderá ó ministro de Educación, Cultura e Deporte a resolución dos procedementos sancionadores das infraccións moi graves e ó director xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais a das infraccións graves e leves.

Disposición adicional primeira. *Cota de pantalla.*

O Goberno poderá eliminar, no prazo de cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, as obrigas previstas no artigo 7 ou modifica-lo seu contido e, se é o caso, establecer mecanismos alternativos de apoio, de acordo coa evolución da cota de mercado das películas comunitarias.

Disposición adicional segunda. *Investimento dos operadores de televisión.*

Modifícase o segundo parágrafo do número 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros, relativas ó exercicio de actividades de radio-difusión televisiva, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, que queda coa redacción seguinte:

«Os operadores de televisión que teñan a responsabilidade editorial de canles de televisión na programación das cales se inclúan longametraxes cinematográficas de produción actual, é dicir, cunha antigüidade menor de sete anos desde a súa data de produción, deberán destinar, como mínimo, cada ano, o 5 por 100 da cifra total de ingresos devengados durante o exercicio anterior, conforme a súa conta de explotación, ó financiamento anticipado da produción de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión europeas, incluídos os supostos contemplados no artigo 5.1 da Lei de fomento e promoción da cinematografía e do sector audiovisual. O 60 por 100 deste financiamento deberá destinarse a producións que teñan como lingua orixinal calquera das oficiais en España.

Para estes efectos entenderase por películas para televisión as obras audiovisuais de características similares ás longametraxes cinematográficas, é dicir, obras unitarias de duración superior a sesenta minutos con desenlace final, coa singularidade de que a súa explotación comercial non inclúe a exhibición en salas de cine; e por ingresos de explotación, os derivados da programación e explotación da canle ou canles de televisión que dan orixe á obriga, reflectidos na súas contas de explotación auditadas.

O Goberno, logo de consulta a tódolos sectores interesados, poderá establecer regulamentariamente as duracións esixibles para considerar unha obra audiovisual como película para televisión.»

Disposición adicional terceira.

O Goberno poderá asinar acordos co Instituto Cervantes ou con outras institucións culturais de carácter público ou privado para a promoción e distribución de obras cinematográficas españolas no estranxeiro.

Disposición derogatoria única.

Á entrada en vigor desta lei quedará derogada a Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a ela.

Disposición derradeira primeira. *Táboa de vixencias.*

1. Decláranse vixentes, en canto non se opoñan a esta lei, os artigos 1, 2 e 6 da Lei 1/1982, do 24 de febreiro, pola que se regulan as salas especiais de exhibición cinematográfica, a Filmoteca Española e as tarifas das taxas por licenza de dobraxe, quedando derogado o resto de artigos, disposicións adicionais e derradeiras da dita lei.

2. Decláranse vixentes, no que non se opoñan ó disposto nesta lei, e en tanto non sexan expresamente derogadas ou substituídas, as seguintes disposicións regulamentarias:

a) Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 17/1994, do 8 de xuño, de protección e fomento da cinematografía, e se actualizan e refunden normas relativas á realización de películas en coproducción, salas de exhibición cinematográfica e cualificación de películas cinematográficas («Boletín Oficial del Estado» do 22 de febreiro de 1997); modificado polo Real decreto 196/2000, do 11 de febreiro («Boletín Oficial del Estado» do 22).

b) Real decreto 1039/1997, do 27 de xuño, polo que se refunde e harmoniza a normativa de promoción e estímulos á cinematografía e se dictan normas para a aplicación do previsto na disposición adicional segunda da Lei 17/1994, do 8 de xuño («Boletín Oficial del Estado» do 14 de abril de 1997); modificado polo Real decreto 196/2000, do 11 de febreiro («Boletín Oficial del Estado» do 22).

c) Orde do 7 de xullo de 1997 pola que se dictan normas de aplicación do Real decreto 81/1997, do 24 de xaneiro, nas materias de cotas de pantalla e distribución de películas, salas de exhibición, rexistro de empresas e cualificación de obras cinematográficas e audiovisuais («Boletín Oficial del Estado» do 14 de xullo de 1997).

d) Orde do 4 de maio de 1998 pola que se dictan normas de aplicación do Real decreto 1039/1997, do 27 de xuño, polo que se refunde e harmoniza a normativa de promoción e estímulos á cinematografía e se dictan normas para a aplicación do previsto na disposición adicional segunda da Lei 17/1994, do 8 de xuño («Boletín Oficial del Estado» do 12 de maio de 1998).

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Os artigos 4, 5 e 6 desta lei dítanse ó amparo do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, e o resto ó amparo do artigo 149.2 da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.